


PROGRAMA DE ACOLLIDA PARA O  
CURSO 2020-2021

CPI AS REVOLTAS



## Índice

- a) Novas normas de organización e funcionamento do centro.
  - 1. Organización das etapas educativas.
  - 2. Entradas e saídas.
  - 3. Recreo.
  - 4. Comedor.
  - 5. Gardas.
  - 6. Titorías, comunicación coas familias.
  - 7. Biblioteca.
  - 8. Uso de aseos.
  - 9. Orientación.
  - 10. Circulación polo centro.
  - 11. Actividades complementarias e extraescolares.
  - 12. Convivencia
  - 13. Comezo do curso e *Plan Covid*
  - 14. Atención no centro
- b) Actuacións de prevención, hixiene e protección.
- c) Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento namodalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.
- d) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

Segundo as Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020-2021, o equipo directivo elaborará un “Programa de Acollida” co fin de facilitar a incorporación do alumnado afectado pola suspensión da actividade lectiva presencial durante o curso 2019/2020 que será presentado ao Consello Escolar do centro e que contará polo menos cos seguintes puntos:

- a) Novas normas de organización e funcionamento do centro.
- b) Actuacións de prevención, hixiene e protección.
- c) Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.
- d) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

## a. Novas normas de organización e funcionamento do centro

O plan de adaptación á situación covid-19 implica unha serie de cambios e modificacións temporais nas Normas de Organización e Funcionamento do colexio.

Estas son as máis destacadas:

### 1. ORGANIZACIÓN DAS ETAPAS EDUCATIVAS

O CPI As Revoltas conta con alumnado pertencente a tres etapas educativas que se distribúe nos cursos que se mostran:

ETAPA EDUCATIVA	CURSOS
EDUCACIÓN INFANTIL	4º (3 ANOS), 5º (4 ANOS), 6º (5 ANOS )
EDUCACIÓN PRIMARIA	1º - 6º
EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	1º, 2ºA, 2ºB, 3º e 4º

Durante o presente curso escolar, tanto en educación infantil como en primaria, contaremos con **grupos estables de convivencia**; evitando a interacción con outros grupos. Nestes grupos **non se relaxarán as normas en canto ao distanciamento e interacción** dentro do mesmo.

Evitar que os diferentes grupos se relacionen entre si obriga a reorganizar as entradas, saídas, recreos e comedor entre outros aspectos.

### 2. ENTRADAS E SAÍDAS

#### ACCESO AO RECINTO ESCOLAR DURANTE AS ENTRADAS E AS SAÍDAS

Coa actual situación sanitaria débense evitar aglomeracións de persoas, polo que é importante ter en conta que **SÓ o alumnado de EDUCACIÓN INFANTIL poderá vir ao centro acompañado e unicamente por unha soa persoa. Recoméndase ás familias**

**que eviten que a/o acompañante do alumnado pertenza a algún colectivo de risco por infección COVID-19.**

Os acompañantes do alumnado de educación primaria e de educación secundaria **NON** poderán acceder ao recinto escolar

Aquel alumnado que teña que saír en horario lectivo ou ben chegue tarde ten que esperar fóra do portal ou da porta 3 (se se trata de alumnado de secundaria) acompañado co familiar e este terá que chamar por teléfono ao centro para que o vaian recoller. No caso de que o alumnado abandone o centro durante a xornada tamén terá que cubrir e asinar a folla de entrega e recollida que dará ao profesor/conserxe que o vaia buscar.

## **ENTRADA**

- A cancela do centro estará aberta a partir das 8:45, hora aproximada á que comeza a chegar o alumnado usuario do transporte escolar.
- O alumnado accederá ao centro por tres puntos diferentes, que denominaremos: **PORTA 1** (entrada aulas de educación infantil), **PORTA 2** (entrada dende o patio cuberto) e **PORTA 3** (entrada ao edificio de secundaria dende o exterior do centro)



- Para evitar aglomeracións nos patios o alumnado accederá directamente ao interior do centro polos lugares indicados ata os corredores onde se ubican as aulas, onde serán recibidos polos respectivos titores/as ou profesorado que teña hora con ese grupo.
- O profesorado de garda distribuirase en varios puntos do percorrido para guiar ao alumnado e para velar polo cumprimento das normas de seguridade.

#### **Alumnado que non fai uso do transporte escolar**

- O alumnado que se achegue ao centro por outros medios, accederá ao recinto escolar entre as **9:00 h** e as **9:10 h**. Entrarán polas mesmas portas que se detallaron en función do curso ao que pertencen e limparán e desinfectarán as mans.

#### **SAÍDA**

- As saídas do centro educativo realizaranse de forma escalonada segundo cursos e polas mesmas portas indicadas para a entrada.
- En todas as etapas educativas será obrigatorio o lavado de mans antes de saír. A continuación especifícanse as horas de saída en cada etapa educativa segundo fagan uso ou non do servizo de comedor.

#### **EDUCACIÓN INFANTIL e 1º EDUCACIÓN PRIMARIA**

- A saída comezará de forma escalonada ás **13:55 horas**, dirixíndose cara o portalón do centro para ir ós autobuses ou ser entregado ás familias
- O alumnado usuario do comedor poderá permanecer no centro ata as **15:20**, hora de saída do transporte escolar.

#### **EDUCACIÓN PRIMARIA (2º a 6º)**

- A saída para o alumnado que non quede a comedor comezará de forma escalonada ás **13:55 h** para dirixirse aos autobuses ou ser entregado ás familias.
- O alumnado que non faga uso do transporte escolar e que non teña autorización para abandonar o centro escolar será entregado ás persoas autorizadas, que permanecerán á espera no exterior do recinto escolar, evitando formar grupos, a carón do portal principal,
- A orde de saída será a mesma que para entrar coa excepción do grupo que estea no pavillón que sairá en último lugar acompañado polo mestre/a de EF.

## EDUCACIÓN SECUNDARIA

- A xornada lectiva en educación secundaria remata ás 14:35. O alumnado que faga uso do servizo de comedor sairá ás **15:30**.
- A orde de saída será a mesma que para entrar coa excepción do grupo que estea no pavillón que sairá en último lugar acompañado polo mestre/a de EF.


Tanto nas entradas coma nas saídas o alumnado circulará nos corredores, sempre pola súa dereita de forma individual gardando a distancia e sen tocar as paredes. Haberá elementos sinalizadores no chan para facilitarlles o lugar polo que deben camiñar.

## 3. RECREOS

- A saída ao recreo farase de xeito ordenado, sen coincidir con outro grupo, agardando se é preciso na aula, gardando a distancia e acompañados polo profesor/a que estivera con eles nesa clase ata a zona que lles corresponda.
- O alumnado que veña do pavillón deberá vir con tempo para subir antes a aula.
- Ao chegar ao patio merendarán sen a máscara e ao acabar poñerana de novo (o alumnado de infantil poderá tomar a merenda na aula se o titor/a considera que é máis pertinente).
- O alumnado sairá ao recreo polas mesmas portas que usan para acceder e saír do centro, coa excepción do alumnado de 1º EP (PORTA 2) e o alumnado de ESO (PORTA 4). Cada curso ocupará zonas definidas no patio.



CURSOS	HORA	ZONA	Entradas e saídas
<b>*Infantil 3 anos</b>	9:50 a 10:40	Patio cuberto entrada principal	Porta 1
Infantil 4 anos	11:30 a 12:00		Porta 1
Infantil 5 anos	11:00 a 11:30		Porta 2
<b>1º EP</b>			Porta 2
<b>2º - 6º EP</b>	10:40 a 10:55	Pistas de baloncesto Patio cuberto traseiro Pistas de futbol	Porta 2
	12:55 a 13:10		
<b>*ESO</b>	11:35 a 12:05	Pista de baloncesto Pistas futbol Patio cuberto traseiro	Porta 4



PLANO DA OCUPACIÓN DOS PATIOS

- Cada clase poderá ter os seus propios materiais de xogos para o uso dos nenos/as desa clase: cordas, gomas, buxainas, balóns, palas, caldeiros, camiións... O titor/a

deberá responsabilizarse de sacalos cando estime oportuno e ao rematar desinfectalos.

- Ao entrar irán directos á aula a sentarse, e non poderán ir ao baño ata que chegue o seu profesor/a.
- Cando as condicións meteorolóxicas non permitan que o alumnado teña o recreo no exterior a norma será permanecer na aula, pero tamén se poderá acceder aos patios cubertos, biblioteca, salón de actos e recunchos que poderán ser creados no centro para tal fin.

#### 4. COMEDOR

- O alumnado no comedor debe estar agrupado por clase, e sempre sentado no mesmo sitio. Será necesario o rexistro dos lugares que ocupan cada un dos nenos/as, co obxectivo de facilitar a localización dos contactos en caso de gromos.
- O alumnado deberá asistir ao comedor cunha bolsa para gardar a máscara mentres come.
- Os grupos, entre si, estarán separados por unha distancia mínima de 1,5 metro. O alumnado encarado na mesma mesa está separado por unha mampara de metacrilato de 60 cm de altura.
- Para cumprir a normativa en canto ao aforo foi preciso realizar 3 quendas de comedor:

QUENDAS	CURSOS	DURACIÓN
1 <sup>a</sup> 12:55 – 13:40	3 <sup>o</sup> , 5 <sup>o</sup> e 6 <sup>o</sup> de EI e 1 <sup>o</sup> EP	45 ‘
2 <sup>a</sup> 13:50 – 14:40	2 <sup>o</sup> -6 <sup>o</sup> de EP	50 ‘
3 <sup>a</sup> 14:50 – 15:30	ESO	40 ‘

- Faise necesario coller parte do tempo do horario lectivo de Infantil e 1<sup>o</sup> de Primaria para que todo o alumnado do centro poida facer uso do comedor observando as normas de seguridade.

- A garda do alumnado durante os recreos do comedor será realizada polo persoal colaborador do comedor e o profesorado de primaria mediante sistema de rotación semanal.

## 5. GARDAS

- ENTRADAS

**Infantil e primaria:** un mestre no portal, un mestre na porta de acceso do alumnado de infantil e 1º EP, un mestre nas escaleiras de subida do alumnado de 6º EI e 1º de EP, un mestre na porta de acceso do alumnado de 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de EP, un mestre no enlace das escaleiras có corredor de 2º, 3º e 4º de EP, un mestre no enlace das escaleiras e corredor de 5º e 6º, todos as titoras e titores nas aulas.

**Secundaria:** O alumnado baixará do bus de forma escalonada comezando por 1º da ESO , 2º, 3º e 4º. Na saída do bus estará profesor de garda e nas escaleiras custodiando estará outro docente. O profesorado que imparte clase na primeira hora estará esperando ao seu grupo correspondente dentro da aula, excepto o de garda de transporte que será substituído por un dos profesores de garda da primeira hora.

- RECREOS

**INFANTIL:** nos tres recreos de infantil ademais da titora do grupo haberá un/unha mestre/a de garda no patio cuberto entrada principal.

**PRIMARIA:** 1º de EP faranse quendas entre o titor do grupo e un(unha mestre/a de garda no patio cuberto da entrada principal.

2º, 3º e 4º de EP faranse quendas entre as tres titoras dos grupos e tres mestras ou mestres nas pistas de baloncesto e patio cuberto traseiro.

5º e 6º de EP faranse quendas entre os dous titores dos grupos e dous/ dúas mestres/mestras nas pistas de fútbol.

**SECUNDARIA:** No recreo haberá tres profesores de garda. 1º e 2º da ESO permanecerá nas pistas de fútbol e baloncesto e 3º e 4º estará no patio cuberto. Os grupos do primeiro ciclo da ESO estarán custodiados por dous profesores de garda e o segundo ciclo estára co outro docente no patio cuberto. O alumnado que

queira ir á biblioteca tamén poderá facelo, apuntándose previamente nun rexistro que estará pegado na porta da aula e sempre vixiado por un docente para que cumpran as medidas de seguridade.

Estas ubicacións poden rotar ao longo do curso e, dependendo do tempo meteorolóxico. Se houber choiva poderán quedar na aula cos profesorado de garda e sempre garantindo que o alumnado estea vixiado. Outra opción, neste caso, é distribuílos no patio cuberto, salón de actos e biblioteca, se fose posible.

- **SAÍDAS**

**INFANTIL E PRIMARIA:** as saídas serán escalonadas e polas mesmas portas indicadas para a entrada. O/A mestre/mestra da última hora será o/a encargado/encargada de levar a cabo esta labor. O alumnado sairá gardando a distancia de 1,5 metros.

A saída comezará ás 13:55 horas, o alumnado dirixirase ao portalón do centro para dirixirse aos autobuses ou ser entregado ás familias.

**SECUNDARIA:** As saídas serán escalonadas e irán saíndo por orde de pisos.

Primeiro sairán os segundos da ESO, concretamente 2º B e a continuación 2º A e 1º da ESO que están situados na primeira planta. O profesor da última hora será o encargado de levar a cabo este labor. Poñerase na porta da aula e irán saíndo mantendo a distancia de 1,5. Na porta de saída estará o profesor de garda de bus.

Aquel alumnado que vaia ao comedor será acompañado polo docente co que tiveron a última hora e deixarán enriba da cadeira a mochila que recollerán á saída do comedor. A continuación, unha vez que o primeiro piso estea desaloxado, comezará a baixar os grupos de 3º e 4º da ESO, seguindo as mesmas instrucións que se levaron a cabo con 1º e 2º.

## **6. TITORÍAS, COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS**

- As titorías levaranse a cabo baixo dúas modalidades:

- A norma será a modalidade non presencial, mediante chamada telefónica ou videochamada.
- Presencial: Nesta modalidade, a reunión levarase a cabo na aula da titoría correspondente, **previa cita** e garantido a distancia social. Todos os asistentes á titoría levarán máscara e farán a pertinente desinfección de mans.
- Para a comunicación coas familias utilizarase, como xa se vén facendo, a aplicación abalarmóbil, o teléfono móbil do centro e a páxina web. Para información puntuais empregarase o teléfono do centro ou o correo electrónico.
- As familias non deben acceder ao edificio; para tarefas administrativas pedirase cita previa, preferentemente por correo electrónico.

## 7. BIBLIOTECA

O uso da biblioteca estará sempre ligado ás necesidades do centro e o que diten as autoridades sanitarias.

Durante o curso 2020-2021, levaremos a cabo o **PDI de Viaxes**, polo que as actividades levadas a cabo xirarán arredor desta temática

### AFORO E PRESENZA NA BIBLIOTECA

- O aforo máximo será de 20 persoas, mantendo a distancia de seguridade e terán que acceder en fila de un.
- Durante os recreos do primeiro trimestre, a biblioteca permanecerá pechada excepto para facer os empréstitos e devolucións de libros de lectura. No momento que se poida usar a distribución será por cursos e por días ata completar aforo antes mencionado:
  - Luns > 1º ESO
  - Martes > 2º ESO A
  - Mércores > 2º ESO B
  - Xoves > 3º ESO
  - Venres > 4º ESO

- O alumnado entrará pola porta da dereita e sairá pola porta da esquerda, respectando o sentido de circulación dos corredores. Aproveitase algún mobiliario da biblioteca para separar os espazos.
- O profesorado poderá dar clase na biblioteca, a condición de que se comprometa a desinfectar toda a instalación empregada.
- No caso de “Radio na biblio”, poderán acceder tres alumnos e un profesor, situación que poderá variar se dispoñemos de biombo. Nos micrófonos anularase a esponxa e desinfectarase a cabeza do micro despois de cada uso, igual ca a mesa de mesturas.
- Tanto a radio como a biblioteca, permanecerá ventilada coas portas e fiestras abertas.
- As mesas e postos de traballos que se poden utilizar estarán sinalizados de xeito que se manteña a distancia de seguridade.

## **MEDIDAS HIXIÉNICAS**

- As portas e fiestras da biblioteca permanecerán abertas para favorecer a ventilación desta.
- Na entrada da biblioteca haberá xel para desinfectar as mans ao entrar e saír.
- Haberá tamén unha alfombra desinfectante para desinfectar o calzado antes de entrar.
- O profesorado desinfectará a zona que vaia usar.
- O material quedará en corentena despois do seu uso, mínimo 48 horas.

- Os xogos, robots, legos, robots, ... poderán empregarse en grupo burbulla, a condición de que estea en corentena 48 horas e o que se poida desinfectar sen avariar, pasaráselle un pano con desinfectante.

## **EMPRÉSTITO E DEVOLUCIÓN**

- Empréstito : O alumnado non poderá coller os libros directamente dos andeis, terán que solicitarlle ao encargado da biblioteca o libro ou outro material que desexa levar.
- Devolución : O alumnado deixará o libro ou material a devolver na caixa identificada para tal efecto(unha para primaria e infantil, e outra para secundaria) na entrada da biblioteca e será a encargada da biblioteca a que fará a devolución.
- Poderase pedir libros online, levados ás aulas por un membro do equipo de biblioteca.
- As seccións de aula desaparecerán para evitar o manexo dos libros por varios alumnos, pero si que o alumnado pode escoller un libro da biblioteca para a hora de ler, máis permanecerá debaixo da súa mesa.
- No caso de volverse a suspender as aulas, poderanse levar emprestados libros sempre atendendo as recomendacións da Consellería.

## **FORMACIÓN DE USUARIOS**

- A formación de usuarios realizarase sobre todo de forma telemática, empregando o blog, a aula virtual e o facebook da biblioteca.

Para o alumnado de 2º da ESO que cursa a materia de ALFIN, aproveitarase unha sesión ao mes para vir a biblioteca, respectando as normas anteriormente establecidas.

## **8. USO DE ASEOS**

- Restrínxese o aforo a unha persoa, para o que se empregarán sinais visuais.
- O alumnado utilizará os baños de maneira similar a como se viña facendo.
- Intensificarase a limpeza dos aseos, que serán desinfectados un mínimo de dúas veces ao día.

- Na aula de Educación física: nos baños durante o aseo, farán quendas para asearse, mantendo as distancias, pero haberá dous nenos ao mesmo tempo aseándose polo tempo do que dispoñemos. Colocarán o seu neceser nun sitio fixo, sempre no mesmo para non entrar en contacto co dos demais. Calquera material que se utilice, esterilizarase. Faranse xogos mantendo as distancias, e con máscaras. En cada cambio de material, utilizarán o xel hidroalcohólico para limpar as mans. Evitaranse xogos de contacto. No caso de condicións metereolóxicas adversas, as clases realizaranse no salón de actos.

## **9. ORIENTACIÓN**

- As entrevistas familiares realizaranse por medios telemáticos e só de xeito presencial cando sexa absolutamente necesario e sempre con cita previa.
- No caso de suspensión temporal da actividade presencial, o departamento de orientación continuará coa súa actividade de xeito telemático.

## **10. CIRCULACIÓN POLO CENTRO**

A circulación de todo o persoal que accede ao centro farase sempre pola parte dereita do corredor gardando a distancia de seguridade indicada. Para facilitar o percorrido no centro hai unha serie de sinais que guían o tránsito polo interior.

## **11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

- Dada a situación sanitaria imperante, este curso non se poderán realizar actividades e celebracións de centro (Magosto / Samaín, o Nadal, Entroido, Letras Galegas, Festival de Fin de Curso...) que impliquen a xuntanza do alumnado ou a circulación continua de diferentes persoas por un mesmo lugar.
- Dada a incertidume xeral á que nos enfrentamos, que nin sequera estamos seguros de se poderemos desenvolver todo o curso con clases presenciais, a flexibilidade será unha das claves das programacións deste ano académico. As saídas físicas quedarán a expensas da evolución da pandemia. Unha das



alternativas é realizar saídas virtuais. Así poderemos visitar museos, bibliotecas... que ofrezan este formato. As celebracións e datas de obrigada conmemoración que aparecen no calendario escolar desenvolveranse pois, nun primeiro momento, cun enfoque diferente a cursos anteriores. Os grupos- aula a través de vídeos, exposicións, visitas á biblioteca ou á radio do centro conmemorará as xornadas especiais tales como o Día de Rosalía, Día Internacional da Muller, Semana das letras galegas, Día do Libro...

- A nosa radio Ondas Revoltas continuará co seu funcionamento:
  - O alumnado entrará nela sempre acompañado polo profesorado, e con membros do seu grupo- aula.
  - Os postos das mesas e cadeiras que se poden utilizar estarán sinalizados. Deberán ser desinfectados polos usuarios tras o seu uso.
  - Quitaranse as esponxas dos micrófonos.
  - Dadas as súas reducidas dimensións, a constante ventilación e desinfección será imprescindible.
  - Os programas de radio, como Crónicas Revoltosas, manteranse gardando as distancias e con mamparas entre os participantes.
- No caso de que as circunstancias permitan a realización de alguna saída didáctica, esta levarase a cabo respectando a normativa vixente no momento de realizala, sobre todo en canto ao aforo de museos e salas e ao transporte.
- A realización de actividades extraescolares (ludoteca)fóra da xornada lectiva non se van levar a cabo debido á dificultade de garantir o cumprimento das medidas esixidas no protocolo.

## **12. CONVIVENCIA**

Terán consideración de condutas leves contrarias á convivencia os supostos de incumprimento polo alumnado durante todo o tempo de permanencia no centro

educativo do uso da máscara e o incumprimento das instrucións do profesorado en aplicación do presente protocolo.

### **13. COMEZO DE CURSO E PLAN COVID**

Para levar a cabo con éxito o *Plan de Adaptación Covid 19* para o curso 2020-2021, é importante a coordinación entre todos os implicados/as, e a colaboración das familias do alumnado. Canto máis respectemos as medidas expostas no mesmo e as normas de funcionamento recollidas neste documento máis posibilidades teremos de preservar a saúde. Para cumprir con este protocolo é imprescindible que a comunidade educativa o coñeza.

Os titores convocarán ás familias antes do comezo das clases a reunións para informar sobre o comezo do curso e o Plan. Estas levaranse a cabo en espazos que permitan cumprir as distancias de seguridade (salón de actos, patios exteriores ou aulas coa suficiente amplitude).

O comezo do curso será escalonado, incorporándose primeiro, os días 10 e 11 de setembro o alumnado de educación infantil e primaria e, os días 23, 24 e 25 o alumnado de secundaria.

En Educación Infantil, para o alumnado que empeza de 3 anos, farase coma de costume o período de adaptación ao longo do mes de setembro.

Os primeiros días do curso o profesorado dedicará parte do tempo co alumnado, a resaltar a importancia de cumprir as medidas de seguridade para evitar os contaxios (máscara, distancia, hixiene de mans, ventilación...) tanto a nivel do colexio como da sociedade en xeral. Ademais presentaranse as normas específicas, adaptadas ao noso centro, para o seu correcto cumprimento, sobre todo no que respecta ás entradas, saídas e recreos.

Previo ao inicio das clases, o profesorado titor manterá unha reunión co titor/a anterior do seu alumnado para obter información relativa ao mesmo en canto ao desenvolvemento do curso pasado, sobre todo no período non presencial. Nas dúas primeiras semanas do curso, o profesorado levará a cabo unha avaliación inicial para identificar as dificultades do alumnado e as necesidades de atención educativa a través das seguintes accións:

- Análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior

- Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019-2020 así como a súa relación coa falta do desenvolvemento das correspondentes competencias clave.
- Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional co fin de tomar as decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.

As programacións didácticas para o curso 2020-2021 incorporarán as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior, así como unha transición posible ao ensino non presencial. Ademais elaboraranse contemplando os posibles escenarios, en función da situación sanitaria: actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou non presencial.

Ao longo do mes de setembro o profesorado traballará co seu alumnado o emprego da aula virtual co fin de estar preparados ante unha posible suspensión de clases.

#### **14. ATENCIÓN NO CENTRO**

Deberase evitar a entrada ao interior do centro, primarase a atención telefónica (**881880283**) ou por correo electrónico ([cpi.asrevoltas@edu.xunta.es](mailto:cpi.asrevoltas@edu.xunta.es)).

Se é imprescindible a presenza física, deberase pedir **cita previa**. Tamén se poden empregar estas vías para calquera dúbida, consulta ou suxestión.

#### **b. Actuacións para a prevención, hixiene e protección.**

##### **Prevención:**

O centro educativo non é alleo á situación social e, polo tanto, establecendo un paralelismo coas normas xerais de prevención para calquera cidadán, os obxectivos serán os seguintes:

- Evitar aglomeracións.
  - Escalonar as entradas e saídas do alumnado.
  - Dispersar as rutas que segue o alumnado para acceder á súa aula.
  - Dividir o patio para que cada nivel educativo dispoña dunha zona de recreo.
  - Regular o acceso aos aseos.

- Distancia social:
  - Distribuír as mesas nas aulas de tal xeito que exista a maior separación posible entre o alumnado atendendo ao número de alumnos/as por aula e ao espazo dispoñible.
  - Evitar situacións de contacto físico.
- **Responsabilidade individual:**
  - O profesorado debe comprometerse a facer un autotest antes de acudir ao centro para evitar ir a traballar con sintomatoloxía compatible coa covid.
  - As familias deben adquirir o compromiso firme de non enviar aos seus fillos/as ao colexio se presentan algúns dos síntomas compatibles coa covid; para iso deberán facer tamén un test diario no que comprobemos a temperatura, a presenza de tose seca, dificultade respiratoria, a perda de olfacto ou gusto, dor muscular, fatiga severa ou diarrea.
  - De presentar o seu fillo/a algún dos síntomas compatibles coa COVID, deberá informar ao EQUIPO COVID, **preferentemente mediante correo electrónico** (cpi.asrevoltas@edu.xunta.gal), poñendo no asunto: **A/A EQUIPO COVID**. Tamén se poderá comunicar o caso por teléfono chamando ao centro, co compromiso de que a dita chamada será desviada directamente ao teléfono móbil da coordinadora do EQUIPO COVID, chamando ao teléfono que se indica a continuación.

#### **EQUIPO COVID**

- Carmen Enjo, **coordinadora** (tel.881880283)
- Rosalía Fernández
- Fernando Losada

#### **Hixiene:**

Neste apartado resumimos as accións a levar a cabo para reforzar a hixiene xeral do centro e a adquisición de hábitos e rutinas de responsabilidade individual. Corresponde á empresa de limpeza contratada pola Xunta, en colaboración coa dirección do centro, xestionar, planificar, organizar e desenvolver as medidas de limpeza do centro.

- Hixiene xeral do centro:

- Realizar desinfeccións dos aseos dúas veces ao día.
- Realizar unha limpeza de superficies de uso frecuente (pomos das portas, mesas, mobles, pasamáns, chans e outros elementos de similares características así como de billas, elementos das cisternas e outros dos aseos) durante a xornada lectiva.
- Facer limpeza de aulas e espazos comúns diariamente.
- Establecer un control da ventilación correcta
- Desinfección dos elementos de uso común por parte do profesorado e alumnado. -  
Hixienepersoal:
- Facer varias limpezas e desinfección de mans, para o que haberá dispensadores de hidroxel nas aulas e xabón líquido nos baños.
- Adquirir hábitos como tusir ou esberrar contra o cóbado, evitar tocar a cara ou levar obxectos á boca.
- Aprender a manipular correctamente as máscaras.
- Rutinas de responsabilidade individual:
- Os usuarios de espazos e elementos comúns deben adquirir a conciencia de desinfectar os materiais previamente ao uso: ordenadores, teléfono, fotocopiadora, cafeteira...
- Limpeza de elementos propios de traballo: cada mestre ou cada alumno debe limpar e desinfectar periodicamente o seu material.
- Facilitar o labor do persoal de limpeza: é traballo do alumnado e do profesorado ter as mesas ordenadas, os armarios, deixar as cadeiras levantadas e non deixar cousas polo chan. Deste xeito, o persoal de limpeza pode optimizar o seu tempo de traballo e dedicalo aos labores propios.
- Elementos de limpeza a disposición da comunidade docente:
- Xel: en todas as aulas e espazos comúns.
- Xabón: nos aseos.
- Panos desbotables: en todas as aulas e aseos.
- Solución desinfectante e panos de limpar: en todas as aulas.

## **Protección:**

- Uso de máscara:
  - Uso obrigatorio para todo o profesorado e alumnado a partir de 6 anos. O alumnado deberá traer ao colexio unha máscara de reposto e unha bolsa para gardala.
  - Uso recomendable para o resto do alumnado en espazos comúns.
- Pantallas:
  - Para aquelas actividades lectivas nas que o emprego de máscara sexa incompatible ou alumnado con problemas respiratorios que poidan substituír a máscara pola pantalla e non quedar sen protección nas aulas.
- Mamparas:
  - Para aumentar a seguridade no comedor escolar instaláronse mamparas para permitir que o alumnado se dispoña encarado. Tamén se van colocar na aula de radio e na biblioteca.

### **- KIT ANTI- COVID**

Para evitar o tránsito innecesario e para que cada neno/a dispoñan un momento puntual de produtos que garantan a súa hixiene, o alumnado de traerá a diario un neceser que conteña:

- Pequeño xel hidro- alcohólico.
- Máscara de reposto, illada nunda bolsa de plástico
- Paquete de panos de papel.

**c. Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.**

As recomendacións básicas para que un alumno/a (ou familia) poida seguir a formación a distancia de maneira satisfactoria son:

- Saber **acceder á aula virtual**
- Manexarse a través dos diferentes **cursos/áreas** nos que estea matriculado/a.
- **Envío de tarefas** a través da aula virtual ou correo electrónico.
- Manexo do **correo electrónico** e funcionalidades básicas (editar un texto, anexar un arquivo...).
- Consulta do **calendario, cualificacións** e envío de **mensaxes por vía interna** da aula virtual.

Por outra banda, as familias deben coñecer e manexar as vías de información e comunicación existentes no centro, que son, ademais do teléfono as seguintes:

- Aplicación **Abalarmóbil**, dende a que poden realizar consultas relacionadas co ámbito académico, solicitar titorías e recibir mensaxes do centro ou profesorado.
- **Correo electrónico**: vía formal para realizar consultas, transmitir información e realizar outro tipo de trámites. A dirección empregada será a corporativa: [cpi.asrevoltas@edu.xunta.gal](mailto:cpi.asrevoltas@edu.xunta.gal)
- Páxina WEB do centro: <http://www.edu.xunta.gal/centros/cpiasrevoltas/>

Durante as primeiras semanas do curso levaranse a cabo accións formativas para o alumnado por parte do profesorado titor, coa colaboración dos mestres especialistas e o equipo TIC. No caso de volver ao ensino non presencial, serán os tutores/as en colaboración co departamento de orientación os encargados de detectar posibles carencias de equipamento ou conectividade que transmitirán ao equipo Covid para tratar de solventalas.

**d) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.**

Será o departamento de orientación o encargado de coordinar e deseñar actividades para traballar diversos aspectos no eido emocional, centrándose especialmente na socialización con distancia sen contacto físico ou na transmisión de emocións coas faces cubertas polas máscaras. Traballarase tamén o tratamento que reciben as persoas contaxiadas ou con síntomas, para que aprendan que tomar precaucións non implica desprezo e rexeitamento pois calquera de nós podemos pasar por esa situación aínda sendo moi prudentes.

Cabana de Bergantiños, 10 de setembro de 2020